

# VIEIROS

Edición xeral

VOCES EN MOVEMENTO

## Un Día das Letras para non afogar no silencio

Eli Ríos, gañadora do último Premio Carral de Poesía, recita en homenaxe a Novoneyra dúas poesías do seu libro, que verá a luz a finais de mes. Vídeo no interior.

Isabel G. Couso - 11:00 10/05/2010

*prendo a luz  
aínda  
    que  
        é  
            de  
                día  
só para confirmar*

*que a loura  
segue no caldeiro  
que a xanela  
non transloce a rúa  
que o teu nome  
está mal dito  
apago a bombilla*

*para reafirmar*

*que penso e existo*

*tamén na penumbra*

A celebración do Día das Letras ben o merece. Eli Ríos adianta para Vieiros dúas composicións do seu poemario aínda inédito “*nós escoitando o badalo de marienpltz*”, co que se fixo acredora do Premio Carral de Poesía 2009. En homenaxe a Uxío Novoneyra achéganos en propia voz os primeiros versos desta súa primeira obra, que supón unha homenaxe á iconografía pop e á literatura galega dos anos oitenta.

O poemario, con prólogo de Alfredo Ferreiro e ilustracións de Baldo Ramos, será presentado o vindeiro

venres 28 de maio na Casa da Cultura de Carral, coa presenza da propia autora, de Ferreiro e de Miguel Anxo Fernán Vello, da man da editorial Espiral Maior. Mais agora, Eli Ríos ofrécenos en primicia un adianto da súa obra poética e incorpórase, xunto con [Xosé Sixto](#) e a [Susana Sánchez Arís](#), ás *Voces en Movemento* que Vieiros anda recompilando para o Especial do Día das Letras.

Podes volver ler aquí os **Especiais das Letras** dos últimos anos:

- No 2009: [Ramón Piñeiro. Día das Letras 2009](#)
- No 2008: [Álvarez Blázquez. Unha luzada de estrelas](#)
- Especiais do Día das Letras [dende o ano 1996 e ate o 2007](#)